

B A S E S

1.- **OBJECTO DA CONVOCATORIA.**- Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a 12 peóns subvencionados pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das Bases Reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan Provincial de Emprego 2013.

2.- **CONDICIÓN S.**- Duración do contrato: Do 1 de xuño ao 30 de novembro de 2013
O horario laboral será de 25 horas semanais.
Percibirá a cantidade mensual de 502,15 euros brutos por tódolos conceptos, incluídas a parte correspondente das pagas extraordinarias.

3.- **CONDICIÓN S DOS ASPIRANTES.**- Serán remitidos pola Oficina de Emprego, logo de formular a preceptiva oferta, de acordo co establecido nas Bases indicadas da Excmo. Deputación de Pontevedra. Os aspirantes deberán de figurar como demandantes na ocupación de “traballadores de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos”, por ser o perfil que se entende que é máis acorde ao tipo de traballo a desenvolver.

4.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: D. José Arís Tallón, Encargado de Obras e Servizos do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: Dna. Mónica Castro Pérez, Xefa de Servizo de Academia Galega de Seguridade Pública

SECRETARIO:

Titular: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: D. Julio Fontaíña Couso, Tesoureiro do Excmo. Concello da Estrada

VOGAIS:

Titular: D. Miguel A. Durán Constenla, oficial conductor do Excmo. Concello

Suplente: Dna. María Herminia Porto Valcárcel, Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada

Titular: D. Ramón Brea Villaverde, Enxeñeiro Técnico Municipal do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: Dna. Paula Yebra Rovira, Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada

Titular: D. José Luis Cerviño López, conserxe notificador do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: Dna. María Jesús Campos Rey, Auxiliar Administrativo do Excmo. Concello da Estrada

5.- **EXERCICIOS OBRIGATORIOS.**- Os aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego presentaranse na Casa Consistorial, o día fixado ao efecto polo citado Organismo, co gallo de realizar unha proba que constará de dúas partes:

Parte teórica:

Consistirá en contestar oralmente a 3 preguntas cortas formuladas polos membros do tribunal sobre cuestións recollidas no temario que figura como anexo.

Parte práctica:

Consistirá en realizar as probas que determinen os membros do Tribunal sobre labores propias do posto, e á vista do temario que figura como anexo.

O exercicio obrigatorio e eliminatorio, será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima media de cinco puntos. Para elo será necesario obter unha cualificación mínima en cada parte (teórica e práctica) de 2,5 puntos. Os aspirantes serán cualificados de 0 a 10 puntos.

6.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PUBLICACIÓN.- Rematada a proba, o Tribunal publicará a relación de aptos, podendo figurar unha lista de suplentes. As 12 persoas que que consigan maior puntuación serán propostas ó Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis persoas que prazas convocadas.

ANEXO TEMARIO

- 1.- O Municipio: concepto e elementos. Competencias do Municipio. Servicios mínimos.
- 2.- A función pública local: clases de funcionarios.
- 3.- Ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras, augas, electricidade.
- 4.- Características da formigoneira, compresor, soldador eléctrico e compactadora.
- 5.- Maquinaria e ferramentas utilizadas en traballos de xardinería.
- 6.- Limpeza de xardíns.
- 7.- Poda de árbores e prantas.
- 8.- Clases de formigóns e características.
- 9.- Clases de ladrillos e características.
- 10.- Materiais máis utilizados polas brigadas de obras en vías urbanas.

A Estrada, 2 de maio de 2013
O ALCALDE,